

Ola ola!

Que tal estades? Espero que todo vaia ben! Como non podemos volver ó cole aínda, tócanos seguir traballando un pouquiño dende a casa.

Como xa sabedes a primavera comezou fai un tempo, pero aínda non nos deu tempo a traballala. Entón vamos alá, que vos parece?

Comezamos... (tedes o material no outro pdf que pon “material 5 anos”).

Recordades que nesta estación do ano é cando nacen as flores e hai moitos animalíños que comezan a saír das súas casas?

Pois veña, vamos refrescar a memoria e vamos buscar elementos que pertencen á primavera e recordar cousiñas que suceden nesta época do ano.


Logo vamos ordenar a palabra PRIMAVERA, e para recordar o nome dos animais vamos a traballar os seus nomes. Tamén vamos traballar o número de sílabas de vocabulario de primavera (recordade que o facemos con palmadiñas).

Agora toca facer algo de mates, unhas sumas e unha pequena serie.

E se xogamos un pouco? Tedes que buscar dez diferenzas entre os debuxos e na seguinte colorear o quebracabezas, recortalo e intentar facelo.

E que vos parece se nos volvemos uns artistas e facemos a nosa propia cerdeira? Seguro que vos vai quedar chulísima! Soamente

precisades unha cartolina, debuxar unha árbore e pegar uns flocos de millo (como os que bota Pepiño pola súa boca).



Ademais gustaríame que fixerades un debuxo da primavera ben bonito con tulipáns, bolboretas, abellas, margaridas, árbores,... E logo podedes enviarme unha foto con el a: profegoretti@hotmail.com

E xa para rematar, como ben sei que vos gusta moito bailar deixo unhas cancións para mover as cadeiras.

<https://www.youtube.com/watch?v=MULHfNXP0C8>

<https://www.youtube.com/watch?v=eYePAG7MID8>

<https://www.youtube.com/watch?v=4hJBnRJv5fc>

** O final do documento de material engado tres follas para repasar un pouco a letra “p” e escribir unhas palabras.

Un biquiño grande para cada un de vós,

A vosa profe Goretti